

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE MECOS 2023

Artigo 1. Obxeto e participación

Este concurso ten como finalidade amosar os mecos que realizan os veciños/as do Concello, como unha das expresións máis tradicionais do entroido. Sendo unha representación satírica de alguen, ou de algunha situación para crear unha burla.

Poderá participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc).

Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

- O prazo de inscrición no concurso será dende o día 1 de febreiro ao 14 de Febreiro de 2023, ambos incluídos.
- A inscrición realizarase a través dun formulario en liña, que estará dispoñible ná páxina web www.barbadas.es. Coa inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do meco (unha única foto por inscrición que deberá realizarse nun punto xeográfico dentro do concello onde deberá estar exposto).

Artigo 3. Órgano avaliador

- Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 15 e 19 de febreiro, ambos incluídos.
- Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.



- O/a gañador/a comunicarase o martes, 21 de febreiro, día do desfile do entroido. Ademais publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 4. Premios

Establécense os seguintes premios:

1º premio: 300€.

2º premio: 200€

3º premio: 100€.

Máis información:

Casa da Cultura

Rúa San Bernabé 37 32002 A Valenzá

Tlf: 988 246885.

Correo electrónico: casacultura@barbadas.es

A Concellaría de Cultura resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.